

UNIDADE DIDÁCTICA

A TRADICIÓN CLÁSICA NAS NOSAS LINGUAS



Pintura romana da Villa dos misterios. Pompeia.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE.....	4
CONTIDOS.....	6
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	7
METODOLOXÍA.....	7
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	8
INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	8
PALABRAS E EXPRESIÓN RELACIONADAS CON PERSONAXES DA HISTORIA ANTIGA.....	10
“MESALINA”.....	10
“DRACONIANO”.....	11
“RICO COMO CRESO”.....	12
“MAUSOLEO”	13
“VITORIA PÍRRICA”.....	14
“FILÍPICA”.....	14
“COMPLEXO DE ALEXANDRE”.....	15
“ESPADA DE DAMOCLES”	16
“A MULLER DO CÉSAR”	17
“O CAN DE ALCIBÍADES”.....	18
PALABRAS E EXPRESIÓN RELATIVAS A SUCESOS E LUGARES HISTÓRICOS	20
“DISPARO DE PARTO”	20
“DELICIAS DE CAPUA”	21
“RETIRADA AVENTINA”	22
“DISCUSIÓN BIZANTINA”.....	23
“NÓ GORDIANO”.....	24

“PASAR POLAS FORCAS CAUDINAS”	25
“PASAR O RUBICÓN”.....	26
“MARATÓN”.....	27
PALABRAS E EXPRESIÓN S ORIXINADAS NA CULTURA GRECOLATINA.....	28
“MECENAS”	28
“SIBARITA”	29
“FARO”	30
“CANDIDATO”.....	31
“OITAVA MARABILLA DO MUNDO”	32
“LACÓNICO”.....	34
“ESPARTANO”	34
“A GARD A PRETORIANA”.....	35
“A CUADRATURA DO CÍRCULO”	36
“CÍNICO”	37
“SÍNDROME DE DIÓXENES”	38
“TRABALLO”	39
“OSTRACISMO”	40
“DURMIRSE NOS LOUREIROS”	41
“ÁLBUM”	43
PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	44
BIBLIOGRAFÍA	48

INTRODUCIÓN

Na elaboración desta unidade didáctica temos como centro de interese que o alumno perciba a profunda pegada da tradición cultural clásica no noso léxico. Para elo, recolleremos termos e expresións orixinadas na historia (personaxes, lugares e sucesos históricos) e na cultura grecolatina e exporemos a súa orixe, significado e forma actual, tanto en galego como nas linguas estranxeiras que forman parte do noso currículo educativo.

Teremos como prioridade completar a exposición dos conceptos más básicos co desenvolvemento de recursos multimedia conducentes, nuns casos, á posta en práctica deses coñecementos e, noutras, á profundización nalgúns aspectos concretos que consideremos conveniente salientar.

¿PARA QUÉ CURSOS SE CONSIDERA ADECUADA?

A presente unidade didáctica consideramos que é adecuada para os alumnos de cuarto de ESO e que pode ser útil e práctica para as materias de LATÍN, CULTURA CLÁSICA, INGLÉS e FRANCÉS.

Nesta etapa educativa o alumno conta xa coa creatividade, madurez, abstracción e coñementos previos necesarios que lle permiten sentirse interesado e motivado para adquirir dun xeito dinámico e práctico os contidos e actividades que propoñemos. Consideramos que para que os alumnos adquieran os coñecementos que desenvolvemos deben ter un nivel lingüístico e de uso das novas tecnoloxías medio, e isto só é posible no último curso desta etapa educativa.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística: esta unidade contribúe á produción de mensaxes escritos, así como á comunicación oral e á comprensión de textos en diversas linguas. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta

áxil e práctica que permitirá ao noso alumnado acadar e ampliar o seu léxico e o coñecemento referido aos distintos elementos da tradición cultural clásica presentes na actualidad europea.

Competencia na expresión cultural e artística: a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de importantes personalidades e sucesos da historia antiga e de aspectos culturais do mundo clásico vixentes nas linguas actuais e que permiten ao alumno interpretar mellor a realidade que o rodea.

Competencia para aprender a aprender: pola presentación dos contidos e actividades realcionados coa historia e cultura grecolatina dun xeito suxestivo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e asociativa do noso alumnado.

Competencia dixital: pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información da internet mediante a recollida na nosa unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a historia e a cultura grecolatina, facendo delas un referente para os alumnos sobre como achegarse á realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e tratamiento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

Competencia social e cidadán: a contribución xorde a partir do coñecemento da historia e cultura antiga como un instrumento para entender e valorar a nosa propia organización social e cidadán e os elementos culturais comúns e identitarios de Europa.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Coñecer o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da historia e a cultura antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar a evolución e os cambios en galego, inglés e francés na forma de palabras e expresións lingüísticas xurdidas na tradición clásica.

- Identificar os elementos da historia e a cultura do mundo clásico que configuran as raíces da identidade europea.
 - Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos e vídeos.
 - Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *tradición romana*.
 - Identificar, cando sexa o caso, o diferente significado en distintas linguas dunha palabra que ten a mesma orixe.
-

CONTIDOS

Sendo conscientes de que resultaría moi difícil percorrer todos os elementos da tradición grecolatina, consideramos especialmente importante elaborar una unidade que nos permita recompilar os aspectos más suxestivos e ilustrativos desta tradición e a súa pegada no noso léxico, coa intención de espertar o interese do alumno por achegarse á historia e cultura antiga.

Coa intención de sistematizar os contidos conceptuais desta unidade e facilitar a aprendizaxe e asociación dos mesmos aos alumnos, propoñemos a seguinte división:

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras e expresións relacionadas con personaxes da historia antiga: “*mesalina*”, “*lei draconiana*”, “*rico como Creso*”, “*mausoleo*”, “*vitoria pírrica*”, “*filípica*”, “*complexo de Alexandre*”, “*espada de Damocles*”, “*a muller de César*”, “*o can de Alcibiades*”.
2. Palabras e expresións relativas a sucesos e lugares históricos: “*frecha de parto*”, “*delicias de Capua*”, “*retirarse sobre el Aventino*”, “*discusión bizantina*”, “*nó gordiano*”, “*pasar polas forcas caudinas*”, “*pasar o Rubicón*”, “*maratón*”.
3. Palabras e expresións orixinadas na cultura grecolatina: “*mecenas*”, “*sibarita*”, “*faro*”, “*candidato*”, “*a oitava marabilla do mundo*”, “*lacónico*”, “*espartano*”, “*garda pretoriana*”, “*a cuadratura do círculo*”, “*cínico*”, “*a síndrome de Dióxenes*”, “*traballo*”, “*ostracismo*”, “*durmirse nos loureiros*”, “*álbum*”.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos da nosa unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que demos en chamar tradición grecolatina. Contribuimos con esta secuenciación a acadar un coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da nosa unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias tres sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

METODOLOXÍA

A nosa intención didáctica parte da base de que o que procuraremos será suscitar o interese dos alumnos polo coñecemento dos referentes históricos e culturais antigos ocultos trala palabras e expresións de uso máis cotiá e convertelos nunha vía para entender mellor o mundo actual e interpretar as mensaxes escritas e orais que conteñen tales referentes, tanto na propia lingua como nas linguas estranxeiras das que, nun mundo globalizado como o actual, é imprescindible ter coñecemento. Empregaremos unha metodoloxía dedutiva e interactiva, tratando de evitar a simple memorización dos contidos e considerando que é mellor que o alumno se quede con algúns coñecementos básicos ben sustentados sobre a tradición clásica e que se convertan nun aliado fundamental para futuras aprendizaxes.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.

2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos, a continuación, o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos unha exposición dos contidos apoiándonos nesta presentación.
4. Procuraremos en todo momento dótalo de instrumentos que lle axuden a interpretar a realidade actual e a extraer conclusións propias a partir da presentación e exposición dos contidos más relevantes.
5. Realización das actividades interactivas contidas en *eXelearning* e en outras aplicacións informáticas.
6. Proporemos actividades de autoevaluación e profundización que se realizarán en grupo e que serán recollidas no caderno de clase.
7. Faremos suxerencias de actividades en grupo das diferentes explicacións da unidade, orientadas a ampliar os coñecementos acadados e usando as fontes de información que recollemos en *eXelearning* en relación con esta unidade, e que deberán presentar como un documento *word* que subirán á aula virtual.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realización das actividades e do traballo programado.

Presentación do caderno de clase.

Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos más importantes da unidade didáctica.

Habilidade no manexo dos materiais dixitais.

Seguimento das actividades programadas.

INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Participación e implicación na realización das diferentes actividades.

Revisión dos cadernos de clase.

Sinxela proba sobre os contidos más importantes da unidade.

Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

UNIDADE DIDÁCTICA: A TRADICIÓN CLÁSICA NAS NOSAS LINGUAS

Nesta unidade recolleremos breves sucesos históricos, curiosos aspectos culturais e anécdotas dos principais personaxes da historia grecolatina que marcaron a tradición clásica e cuxo coñecemento resulta hoxe imprescindible para poder entender en toda a súa dimensión termos e expresións que usamos habitualmente.

PALABRAS E EXPRESIÓNS RELACIONADAS CON PERSONAXES DA HISTORIA ANTIGA

“MESALINA”

GALEGO: “mesalina”.

SIGNIFICADO ACTUAL: representa a unha muller poderosa e intrigante con reputación de libidinosa e promiscua; este termo chegou a ser usado como sinónimo de prostituta.

ORIXE: Valeria Messalina foi a terceira muller do emperador romano Claudio, e foi moi coñecida pola súa fermosura e pola súa constante infidelidade ao seu esposo.

ENGLISH WORD: “messalina”.


CURRENT MEANING: represents a powerful and scheming woman with reputation of licentious and promiscuous; this term has come to be used as a synonym of prostitute.

ORIGIN: Valeria Messalina was the third wife of the Roman Emperor Claudio, and was very famous for her beauty and her constant infidelity to her husband.

FRANÇAIS: “messaline”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: Messaline représente une femme puissante et intrigante avec de la réputation de libidineuse et de dissolue. Ce terme est arrivé à être utilisé comme synonyme de prostituée.

ORIGINE: Valeria Messaline a été la troisième femme de l'empereur romain Claude, et a été très connue par sa beauté et par sa constante infidélité à son époux.



Messalina. Meretriz Augusta. Eugène Cyrille. 1884.

“DRACONIANO”

GALEGO: “draconiano”.

SIGNIFICADO ACTUAL: é un adxectivo que ten o significado de “rigoroso”, “severo”, “cruel”.

ORIXE: deriva de Dracón, un lexislador ateniense de arredor do 620-630 a. C., que foi coñecido por elaborar un código de conduta moi estrito, que impoñía a pena de morte para delitos menores.

ENGLISH WORD: “draconian”.

CURRENT MEANING: is an adjective meaning “rigorous”, “severe”, “cruel”.

ORIGIN: it derives from Draco, an Athenian lawgiver from around 620-630 BC who was known for making a very strict code of conduct, that imposed death penalty on minor crimes.

FRANÇAIS: “draconien”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: adjectif avec la signification de "rigoureux", "sévère", "cruel".

ORIGINE: fait référence à Dracon, législateur grec d'Athènes d'autour du 620-630 a. C., qui a été connu pour élaborer un code de conduite très strict, qui imposait la peine de mort pour des délits plus petits.

“RICO COMO CRESO”

GALEGO: “rico como Creso”, “ser Creso”.

SIGNIFICADO ACTUAL: home moi rico, persoa con moita riqueza.

ORIXE: fai referencia á riqueza de Creso, o rei de Lidia dende o 560 ao 547 a. C., que tomou a súa riqueza dos ricos depósitos de ouro que se atopaban no río Pactolo.

ENGLISH WORD: “as rich as Croesus”, “to be the Croesus”.

CURRENT MEANING: a very rich man, a very wealthy person.

ORIGIN: it refers to the wealth of Croesus, the king of Lydia from 560 to 547 BC, who took his wealth from the rich gold deposits along the Pactolus River.



Solón e Creso. Gerard van Honthorst 1590-1656.

FRANÇAIS: “riche comme Crésus”

SIGNIFICATION ACTUELLE: homme très riche. Personne avec beaucoup de richesse.

ORIGINE: fait référence à la richesse de Crésus, le roi de la Lydie depuis l'année 560 jusqu'à 547 a. C, qui a pris sa richesse des paillettes d'or qu'il y avait dans le fleuve Pactole.

“MAUSOLEO”

GALEGO: “mausoleo”.


SIGNIFICADO ACTUAL: este termo úsase hoxe en día co significado de sepulcro sobreelevado, suntuoso e maxestoso.

ORIXE: o Mausoleo de Halicarnaso ou Sepulcro de Mausolo era unha tumba construída en Halicarnaso (actual Turquía) para Mausolo, o rei de Caria. O nome dado á estrutura foi unha homenaxe a Mausolus.

ENGLISH WORD: “mausoleum”.

CURRENT MEANING: this word has now come to be used for an above-ground, stately and magnificent tomb.

ORIGIN: the Mausoleum at Halicarnassus or Tomb of Mausolus was a tomb built at Halicarnassus (current Turkey) for Mausolus, the king of Caria. The name given to the structure was a tribute to Mausolus.



O Mausoleo de Halicarnaso. Martin Heemskerck (s. XVI).

FRANÇAIS: “mausolée”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on utilise ce mot avec la signification de sépulcre surélevé, somptueux et majestueux.

ORIGINE: le Mausolée d’Halicarnasse ou Tombeau de Mausole c’était une tombe construite à Halicarnasse (actuelle Turquie) pour Mausole, le roi de Carie. Le nom donné à la structure a été un hommage à Mausole.

“VITORIA PÍRICA”

GALEGO: “vitoria pírrica”.

SIGNIFICADO ACTUAL: acadar unha vitoria con más dano para o vencedor que para o vencido. Unha vitoria ou logro acadado a un prezo demasiado elevado.

ORIXE: o rei grego Pirro do Épiro obtivo unha grande vitoria. Non obstante, o seu exército sufriu moitas baixas na derrota dos romanos durante as Guerras Pírricas.

ENGLISH WORD: “Pyrrhic victory”.

CURRENT MEANING: it’s a victory in which the victor’s losses are as great as those of the defeated. A victory or goal achieved at too great a cost.

ORIGIN: the Greek king Pyrrhus of Epirus achieved a great victory, however his army suffered many casualties in defeating the Romans during the Pyrrhic war.

FRANÇAIS: “victoire à la Pyrrhus”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: obtenir une victoire avec plus de dommage pour le vainqueur que pour celui qui est vaincu. Une victoire ou bonne réussite obtenue au prix de lourdes pertes.

ORIGINE: le roi grec Pyrrhus d’Épire a obtenu une grande victoire. Cependant, leur armée a souffert beaucoup de baisses pendant la bataille et la victoire lui a couté très cher.

“FILÍPICA”

GALEGO: “filípica”.

SIGNIFICADO ACTUAL: discurso implacable e intenso. Discurso de acusación, invectiva ou diatriba.

ORIXE: este termo orixínase con Demóstenes, o orador ateniense que pronunciou varios discursos encendidos contra Filipo II de Macedonia por consideralo unha ameaza contra todas as cidades-estado gregas.

ENGLISH WORD: “philippic”.

CURRENT MEANING: bitter and intense speech of accusation, invective, diatribe.

ORIGIN: this word originates with Demosthenes, the Athenian orator who pronounced several inflamed speeches against Philip II of Macedon by considering him a threat to the Greek city-states.

FRANÇAIS: “philippique”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: discours implacable, intense. Discours d'accusation, invective ou diatribe.

ORIGINE: on rapporte l'origine de ce terme à Démosthène, orateur athénien qui a prononcé plusieurs harangues véhémentes contre Philippe de Macédoine.

“COMPLEXO DE ALEXANDRE”

GALEGO: “complexo de Alexandre”.

SIGNIFICADO ACTUAL: trátase do resentimento dun fillo cara ao seu pai, porque o pai non permite que o fillo teña éxito por si mesmo ou supere ao pai.

ORIXE: este complexo vén de Alexandre Magno quen nunha ocasión na que o seu pai, Filipo II de Macedonia, celebraba os seus triunfos bélicos exclamou: “o meu pai non me deixa nada por conquistar”.

ENGLISH WORD: “Alexander complex”.

CURRENT MEANING: it's the resentment of a son toward his father, because the father does not allow that the son can succeed for himself or overcomes him.

ORIGIN: this complex comes from Alexander the Great who in a time when his father celebrated his military triumph said: “my father leaves me nothing to conquer”.

FRANÇAIS: “complexe d’Alexandre”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: il s’agit du ressentiment d’un fils par son père, parce que le père ne permet pas que le fils ait du succès par soi même ou dépasse le père.

ORIGINE: ce complexe vient d’Alexandre le Grand, qui à l’occasion dans laquelle son père, Philippe II de Macédoine, célébrait ses triomphes belliqueux, s’exclama: “mon père ne me laisse pas du tout pour conquérir”.



Alexandre e Porus, 1673. Charles Le Brun.

“ESPADAS DE DAMOCLES”

GALEGO: “ter unha espada de Damocles sobre a cabeza”.

SIGNIFICADO ACTUAL: expresa a proximidade dun perigo ou unha ameaza.

ORIXE: remóntase a Damocles, cortesano de Dionisio, tirano de Siracusa. Damocles envexaba a súa vida cómoda e luxosa e para castigalo Dionisio fixo que Damocles o sustituisse nun festín cheo de ricas viandas. Sen embargo, enriba da súa cabeza pendía unha espada afiada suxeita pola crin dun cabalo e que podía caer en calquera momento. Deste modo Damocles comprendeu o efímero da prosperidade do tirano.

ENGLISH WORD: “sword of Damocles”.

CURRENT MEANING: it expresses a constant hazard or an impending threat.


ORIGIN: it comes from Damocles, courtier of Dionysius, tyrant of Syracuse. Damocles envied his comfortable and luxurious life and to punish him Dionysius made Damocles

to replace him at a party full of delicious food. However, over his head hung a sharp sword held by the mane of a horse and it could fall at any time. Thus Damocles understood the brief prosperity of the tyrant.

FRANCÉS: “avoir une épée de Damoclès au-dessus de la tête”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: cette expression fait allusion au danger qui plane sur quelqu'un et qui peut se concrétiser à tout moment et aussi désigne le caractère précaire du bonheur.

ORIGINE: cette expression remonte à Damoclès, courtisan de Denys, tyran de Syracuse. Damoclès enviait sa vie confortable et luxueuse et pour le punir Denys a invité Damoclès à le remplacer dans un festin plein de riches nourritures. Cependant, au-dessus de sa tête était suspendue une épée aiguisée par la crinière d'un cheval et qui pouvait tomber à n'importe quel moment. De cette manière Damoclès a compris l'éphémère de la prospérité du tyran.



A espada de Damocles. Richard Westall. 1812.

“A MULLER DO CÉSAR”

GALEGO: “a muller do César”.

SIGNIFICADO ACTUAL: refírese a que as relacóns das persoas públicas non deben estar baixo sospeita, esixésselles unha conduta recta e honesta.

ORIXE: esta expresión fai referencia a Pompeia, a segunda muller de César. Segundo as faladurías que circulaban polo 62 a. C., parece que o seu nome estaba asociado con Publio Clodio, un coñecido home disoluto da época. César non cría tales rumores pero deixou claro, cando se divorciou dela, que incluso a muller do César debe estar por enriba das sospeitas. A frase completa á que deu lugar foi “*á muller do César non lle basta con ser honesta, debe parecelo*”.

ENGLISH WORD: “like Caesar’s wife” or “Caesar’s wife must be above suspicion”.

CURRENT MEANING: the relationships of public figures must not be even suspected of wrongdoing, they must be pure and honest in morals.

ORIGIN: this expression referred originally to Caesar’s second wife Pompeia. According to rumors circulating in about 62 BC, it seems that her name was linked with Publius Clodius, a notorious dissolute man of the time. Caesar did not believe such rumors but he made it clear, when divorcing her, that even Caesar’s wife must be above suspicion.

FRANÇAIS: “la femme de César ne doit pas être soupçonnée”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: les personnalités officielles et les institutions doivent être à l’abri des accusations. Elles doivent être irréprochables.

ORIGIN: cette expression fait référence à Pompéia, la deuxième épouse de César, qui était soupçonnée de relations illicites avec Clodius, un connu homme dissolu de l’époque. César ne croyait pas ces rumeurs, cependant il a répudié Pompéia en disant qu’il ne suffit pas que la femme de César soit honnête, elle doit aussi en avoir l’apparence.

“O CAN DE ALCIBÍADES”

GALEGO: “o can de Alcibíades”.

SIGNIFICADO ACTUAL: fai referencia aos actos ou palabras que usan as persoas coñecidas para distraer ou desviar a atención pública sobre eles.

ORIXE: cóntase que Alcibíades posuía un can que mercara por poucos cartos e ao que un día decidiu cortarlle o seu fermoso rabo por un simple capricho. Os seus amigos

reprocháronlle unha acción tan ridícula, dicíndolle que toda a cidade falaba do pobre can e da súa cola. Alcibiades contestoulles que esa era precisamente a súa intención; que todos falaran da cola do seu can e deixaran de cotillear sobre as súas actividades.

ENGLISH WORD: “the dog of Alcibiades”.

CURRENT MEANING: it refers to the acts or words used by famous people to distract or divert the public attention about them.

ORIGIN: it's said that Alcibiades possessed a dog, which had cost him little money, and at a time he decided to cut its beautiful tail off by a simple whim. His friends censured him this ridiculous actions, telling him that the whole city talked about the poor dog and its tail. Alcibiades replied that this was precisely his intention; he wants Athens to talk about his dog's tail as a way of distracting them from talking about his activities.



O can de Alcibiades. Copia romana dun orixinal de bronce de época helenística. British Museum.

FRANÇAIS: “le chien d'Alcibiade”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: cette expression fait référence aux actes ou mots que les personnes connues utilisent pour distraire ou dévier l'attention publique sur eux.

ORIGINE: on dit que le grec Alcibiade avait un chien qu'il avait payé très bon prix et un jour il lui coupa la queue, qui était magnifique, par un simple caprice. Leurs amis lui ont

reproché cet acte absurde, en disant que tous se répandaient en critiques mordantes à propos de ce chien. Alcibiade leur répond: “c'est exactement ce que je souhaite. Je veux que les Athéniens parlent de cela, ainsi ils ne diront rien de pire sur moi” (*La vie d'Alcibiade*, Plutarque, IX).

PALABRAS E EXPRESIÓNS RELATIVAS A SUCESOS E LUGARES HISTÓRICOS

“DISPARO DE PARTO”

GALEGO: “disparo de parto”.

SIGNIFICADO ACTUAL: comentario ou xesto hostil realizado por alguén que se marcha.

ORIXE: alude a unha táctica militar dos arqueiros a cabalo partos que finxían unha retirada mentres disparaban tras os seus ombros. Unha importante batalla na que se empregou esta táctica foi a batalla de Carras (en latín *Carrhae*) e foi o principal factor da vitoria parta sobre o xeneral romano Craso.



Arqueiro a cabalo otomano poñendo en práctica o disparo parto.

ENGLISH WORD: “parthian shot”.

CURRENT MEANING: a hostile gesture or remark delivered while departing.

ORIGIN: it alludes to the military practice of Parthian archers who shot their arrows backwards while retreating. An important battle in which this tactic was employed was

the Battle of Carrhae and it was a principal factor in the Parthian victory over the Roman general Crassus.

FRANÇAIS: “flèche du Parthe”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: commentaire ou geste hostile réalisé par quelqu'un qui part. Contre-attaquer au moment où l'adversaire s'y attend le moins.

ORIGINE: cette expression fait référence à une tactique militaire de la cavalerie parthe. Les cavaliers pouvaient tirer à l'arc en arrière pendant qu'ils s'éloignaient de l'ennemi. Une importante bataille dans laquelle les Parthes ont utilisé cette tactique a été la Bataille de Carrhes, défaite décisive infligée aux Romains sous les ordres du général Cressus.

“DELICIAS DE CAPUA”

GALEGO: “as delicias de Capua”.

SIGNIFICADO ACTUAL: hoxe significa pensar demasiado na vida fácil e non o suficiente nas obrigacións.

ORIXE: Aníbal, no seu intento de conquistar Roma, chegou a Capua, onde desexaba pasar o inverno e dar aos seus homes un descanso para recuperarse da súa longa e fatigosa viaxe. A cidade ofreceu aos soldados cartaxineses numerosos praceres que abrandaron as súas forzas.



O anfiteatro da antiga Capua.

ENGLISH WORD: “languishing in the delights of Capua”.

CURRENT MEANING: when people think too much of ease, and not enough of duty, they are said to be “languishing in the delights of Capua”.

ORIGIN: Hannibal, in his attempt to conquer Rome, came to Capua, where he wished to spend the winter, and gave his men a chance to recover after their long and exhausted journey. The city offered to the Carthaginians numerous pleasures that languished their forces.

FRANÇAIS: “les délices de Capoue”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: s'amollir dans la facilité au lieu de se préparer à la lutte. Ne penser pas aux obligations.

ORIGINE: Hannibal, dans sa tentative de conquérir Rome, est arrivé à Capoue, où il décide de passer l'hiver pour donner à ses troupes un mérité repos, à fin que les soldats se remettent du long et fatigant voyage. Mais Capoue a offert tellement de plaisirs à l'armée carthaginoise que leurs forces ont été ramollies.

“RETIRADA AVENTINA”

GALEGO: “retirada aventina”.

SIGNIFICADO ACTUAL: fai referencia ás accións de protesta ante un uso abusivo dos poderes gobernamentais.

ORIXE: ten a súa orixe nun dos conflitos entre patricios e plebeos, no 494 a. C., no que os plebeos se retiraron ao monte Aventino e amezaron con fundar unha nova cidade. Esta ameaza supuxo que os patricios cederan ante as protestas dos plebeos.

ENGLISH WORD: “Aentine secession”.

CURRENT MEANING: it makes reference to the actions of protest against an abuse of governmental powers.

ORIGIN: it has its origin in one of the conflicts between patricians and plebeians, in 494 BC, in which the plebeians went to the Aentine hill and threatened patricians with

founding a new city. This threat meant that the patricians gave in to the protests of the plebeians.

FRANÇAIS: “se retirer sur l’Aventine”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: fait allusion aux actions de protestation devant un usage abusif des pouvoirs gouvernementaux.

ORIGINE: cette expression a son origine dans un des conflits entre patriciens et plébésiens, le 494 a.C.; les plébésiens se sont retirés sur l’Aventin et ont menacé de fonder une nouvelle ville. À la suite de cette menace, les patriciens ont cédé devant les protestations des plébésiens.

“DISCUSIÓN BIZANTINA”

GALEGO: “discusión ou argumento bizantino”.

SIGNIFICADO ACTUAL: significa discusión ou argumento inútil e sen sentido por ser altamente complicada a demostración das afirmacións nas que se fundamenta.

ORIXE: as discusións bizantinas eran arduas e vehementes disputas relixiosas que se producían dende a época de Constantino no Imperio Romano Oriental.

ENGLISH WORD: “Byzantine”, “Byzantine argument”.

CURRENT MEANING: it refers to an argument or something highly complicated, intricate and involved.

ORIGIN: this expression comes from the complex and violent religious disputes that took place from the time of Constantine in the Eastern Roman Empire.

FRANÇAIS: “une discussion ou querelle byzantine”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: signifie discussion ou argument inutile dépourvu de sens, due à la grande complexité de prouver les affirmations sur lesquelles elle se sustente.

ORIGINE: les discussions ou querelles byzantines étaient des disputes religieuses ardues et véhémentes qui se produisaient depuis l’époque de Constantin, dans l’Empire Romain d’Orient.

“NÓ GORDIANO”

GALEGO: “nó gordiano”.

SIGNIFICADO ACTUAL: úsase con frecuencia para facer referencia a un problema complicado e intrincado que se resolve dun xeito tallante e sen contemplacións.

ORIXE: ten a súa orixe na lenda do rei Gordio de Frixia, quen ofreceu a Zeus o seu carro, atando a lanza e o xugo cun nó tan intrincado que ninguén o podía soltar. Cando Alexandre Magno tomou Frixia, soubo que unha antiga tradición dicía que quen desatara aquel nó converteríase no dono do mundo. Entón Alexandre, sen intentar desfacelo, rompeuno coa súa espada.

ENGLISH WORD: “gordian knot”.

CURRENT MEANING: it's often used to refer to a complex and intricate problem solved strongly and without hesitation.

ORIGIN: it has its origin in the legend of King Gordius of Phrygia, who offered to Zeus his cart, tying the spear and the yoke with a knot so complicated that nobody could release it. When Alexander the Great took Phrygia, knew that an old tradition said that who unleashed this knot was to become the lord of the world.



Alexandre corta o nó gordiano. Jean-Simon Berthélémy.

FRANÇAIS: “trancher le noeud gordien”.

SIGNIFICATION ACTUELLE: on utilise cette expression fréquemment pour faire référence à un problème compliqué et complexe qui se résout d'une façon nette et impitoyable.

